

NURIA BOUZA


Voleibol praia

**Xogadora
internacional
por España.**

**Forma parte da terceira parella
no ránking español de voleibol praia.**

**Gañadora de torneos nacionais
e internacionais.**

7



COÑECENDO AS NOSAS DEPORTISTAS



VOLEIBOL PRAIA

Nuria Bouza

Nada en Lugo o 9 de xuño 1989.

Estudante de Ciencias da actividade física e do deporte.

Adestradora da base de voleibol.

Forma parte da terceira parella no ránking español de voleibol praia.

Gañadora de torneos nacionais e internacionais.

Nuria nace no seo dunha familia que está unida ao deporte do voleibol; o seu pai, o seu tío e tres das súas tías son adestradoras de voleibol. A súa curmá xoga no estranxeiro e o seu irmán na Superliga en Lugo.

De nena comezou practicando ao tempo o voleibol e o atletismo, mesmo chegando a quedar campioa de salto de altura e terceira de triplo salto en categorías base. Aínda así, decidiu deixar a práctica do atletismo para centrarse primeiro no voleibol e logo no voleibol praia. Sabías que unha xogadora de voleibol pode saltar entre 60 a 80 veces nun partido?



O VOLEIBOL PRAIA

O voleibol praia é un deporte practicado na area, nun campo dividido en dúas metades por unha rede.

Cada un dos equipos tenta pasar sobre a rede un balón, que as adversarias devolven sen deixar caer na súa metade, podendo dar tres impactos a pelota entre as compoñentes do mesmo equipo antes de pasar o balón ao outro campo.

Os equipos están formados por dúas xogadoras e gaña o xogo quen primeiro chegue a 21 puntos, tendo como mínimo unha diferenza de polo menos dous puntos.

Para gañar o partido é necesario gañar 2 xogos.

DEPORTE FEMININO

A continuación, achegamos cinco cuestións para saber máis da temática “muller e voleibol”.

- a) Sabías que o primeiro campionato mundial feminino foi no ano 1952 e que ata ese ano non había regras específicas para as competicións de mulleres?
- b) O voleibol é deporte olímpico dende 1964, en Toquio, e o voleibol praia desde 1996, nos xogos olímpicos de Atlanta.
- c) Sabías que en Galicia contamos co club Arenal-Emevé de Lugo, que compite na Superliga, a máxima competición a nivel estatal?
- d) Sabías que o voleibol adaptado é un deporte paralímpico? As xogadoras están sentadas, sendo as dimensións do campo menores e a altura da rede de 1,05 metros en lugar dos 2,24 metros do voleibol non adaptado. Tamén existe a posibilidade de xogar o voleibol adaptado na praia.
- e) Procura información sobre as seguintes deportistas galegas: María José Corral, Helia González e Noelia Sánchez.



INDUMENTARIA

Ata o ano 2012 as xogadoras de voleibol praia tiñan a obriga de xogar con bikini. Noutros estados obrígase as deportistas a xogar con velo por cuestións relixiosas. Por contra, os deportistas masculinos non sofren esa imposición da vestimenta.

Que opinas desta cuestión?

As mulleres levamos moitos anos loitando pola igualdade entre homes e mulleres. O camiño non é doado, pero imos avanzando pouco a pouco. Dálle ao miolo e de seguro que atopas situacións coma as citadas no anterior parágrafo.



CUESTIONARIO

Unha deportista que admiras?

María José Corral Bouza, a miña curmá e a mellor deportista que coñezo, loitadora, competitiva e constante.

Que fas logo de adestrar?

Son adestradora de voleibol de tres equipos femininos do club AVA, en L'Ametlla del Vallès.

Un consello?


Non me gusta dar consellos.

Cal é o primeiro recordo do teu deporte?

Recordo ser recollepelotas dun partido e non saber cando tiña que pasar a pelota a sacadora (non sabía as normas).

Un soño profesional?

Ter recursos para xogar unha liga mundial



CUESTIONARIO

Como ves o papel da muller no deporte?

Igual que en moitos eidos da sociedade, cada vez imos tendo máis presenza e mellor trato coma merecemos, pero falta moito que seguir loitando para chegar a igualdade.

Cal é o mellor recordo da túa carreira deportiva?

A primeira vez que fun convocada coa selección nacional.

Tiveches algún tipo de atranco por ser muller no mundo do deporte?

Moitos, pero sobre todo non sentirme respectada nin valorada polo feito de ser muller.

Como ves o tratamento polos medios de comunicación do deporte feminino?

Escaso, en moitos casos nulo.

Ti como deportista, primeiro de voleibol e logo de voleibol praia, como ves a situación do teu deporte en Galicia?

Coido que o voleibol e o voleibol praia son deportes en auxe, pero no meu caso tiven que marchar de Galicia para poder vivir. Para seguir practicando o meu deporte preciso unha situación climática diferente a da miña terra ou unhas instalacións cubertas que de momento non existen, pero agardamos que nun futuro si.



“Esforzámonos por gañar
coa nosa entrega,
a nosa loita
e a nosa paixón.”

Nuria Bouza

COLOREA



Sabías que as xogadoras
empregan sinais entre elas
para comunicar que parte
do campo van cubrir
ou a que parte
do campo contrario
van atacar?